



Recoñecemento da experiencia profesional REXP



Certificados para a comercialización e manipulación de GASES FLUORADOS e equipamentos



Datos da última convocatoria das probas de COMPETENCIAS CLAVE



Última actualización do informe PROFESIÓN REGULADAS



Novo informe de SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCAIS



Publicadas as FICHAS DO MERCADO laboral galego




INSERCIÓN LABORAL da formación para o emprego

CONVOCATORIAS RECOÑECIMIENTO EXPERIENCIA PROFESIONAL REXP



Desde marzo do 2011 o Instituto Galego das Cualificacións realizou un total de sete convocatorias do procedemento de recoñecemento da competencia profesional. Este procedemento diríxese ás persoas traballadoras con varios anos de experiencia laboral ou persoas con formación non oficial co fin de que obteñan precisamente unha acreditación ou certificación oficial dos coñecementos, capacidades e actitudes profesionais que foron adquirindo ao longo do tempo.

Este procedemento REXP é un proceso que se abre coa inscrición nas convocatorias que se publican no DOG e no BOE, e que tras pasar polas fases de asesoramento e avaliación, conducen á obtención dun certificado de profesionalidade que ten carácter oficial e validez estatal. Tamén posúe efectos académicos e profesionais: por unha banda, establécense validacións e exencións cos módulos de formación da FP inicial da Administración educativa e coa FP para o emprego da Administración laboral, e por outra banda, facilítase a empregabilidade das persoas, xa que esta certificación oficial será valorada polas empresas e, incluso nalgúns casos, a posesión deste certificado ou dun título de FP é requisito necesario para poder acceder a determinadas ocupacións ou profesións reguladas por normativa estatal ou autonómica.



Segundo esta liña, nas convocatorias do procedemento REXP, dáselle prioridade ás profesións reguladas. Por iso convócanse varias veces os certificados de atención sociosanitaria, socorrismo, control de pragas e, nesta última convocatoria, o de transporte sanitario. A estes certificados engádense outros que obedecen ás demandas dos distintos sectores como é o caso de información xuvenil e extinción de incendios e salvamento (bombeiros) que se convoca por primeira vez nesta última convocatoria.

As convocatorias da Consellería de Traballo e Benestar xeralmente publícanse a finais de ano, en torno ao mes de novembro, e as fases de inscrición, asesoramento e avaliación desenvólvense ao longo do seguinte ano natural.

Así pois, a última convocatoria publicada é a do 27 de novembro de 2014 (DOG do 4 de decembro), que se está a desenvolver neste 2015.

A continuación ofrécese un cadro resumo das prazas que se ofertaron nesta última convocatoria:

Cualificacións	Nº de prazas ofertadas	Nº solicitudes recibidas
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	598	1587
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	562	1220
Servizos para o control de pragas	50	127
Socorrismo en instalacións acuáticas	300	660
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	200	476
Información xuvenil	50	72
Xestión de servizos para o control de pragas	50	97
Extinción de incendios e salvamento	100	752
Transporte sanitario	200	96
TOTAL	2110	5087

A última convocatoria finalizada totalmente é a do 6 de novembro de 2013 (DOG do 12 de decembro) que se desenvolveu ao longo de 2014, quedando unicamente para o 2015 a proba práctica de rescate en praias da cualificación de socorrismo en espazos acuáticos naturais, prevista para xaneiro, pero que, polo mal tempo no mar, tivo que suspenderse ata abril de 2015.

A continuación ofrécese un cadro resumo dos datos desta última convocatoria finalizada:

Cualificacións	Número de candidatos							Porcentaxes - Resultados		
	¹ Prazas	Solicitudes	Seleccionados	Presentados	Certificados	Acreditan UC	Non acreditan	Acreditan todas UC	Acreditan algunha/s UC	Non acreditan
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	500	1309	696	631	353	232	46	55,94 %	36,77%	7,29%
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	500	1284	712	621	306	273	42	49,28%	43,96%	6,76%
Servizos para o control de pragas	100	127	82	78	77	0	1	98,72 %	0,00%	1,28%
Socorrismo en instalacións acuáticas	300	660	379	337	190	143	4	56,38%	42,43%	1,19%
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	300	476	218	165	117	48	0	70,91%	29,09%	0,00%
Información xuvenil	100	72	60	54	53	1	0	98,15%	1,85%	0,00%
TOTAL	1800	3928	2147	1886	1096	697	93	58,11%	36,96%	0,05%

En relación a todos estes datos, hai que destacar o elevado número de solicitudes en relación ás prazas convocadas, especialmente nas profesións que son reguladas, o cal reflicte a importancia e necesidade destes procesos de recoñecemento e acreditación da profesionalidade.

Tamén hai que destacar o importante volume de candidatos que, dentro dunha mesma convocatoria, superan a avaliación en todas as unidades de competencia e obteñen así directamente un certificado de profesionalidade. Xa son case 5.000 persoas as que obtiveron acreditación por esta vía. E a estas persoas habería que engadir os candidatos que obteñen acreditacións parciais, e que logo, en sucesivas convocatorias ou a través da formación formal, completan o certificado de profesionalidade.

Pola contra, son moi poucos os que non obteñen ningunha acreditación da súa competencia profesional, o cal non sorprende se temos en conta que se trata de persoas traballadoras con varios anos de experiencia e/ou con formación non oficial na súa profesión. Así pois, estes datos deben dar lugar a felicitarnos a todos polo éxito do procedemento de recoñecemento da competencia profesional e animar as persoas a seguir participando neste proceso que redunda en beneficio de todos.

Finalmente, ofrécese un cadro resumo de todas as convocatorias realizadas ata o de agora.

Cualificacións	Número de candidatos							Porcentaxes - Resultados		
	¹ Prazas	Solicitudes	Seleccionados	Presentados	Certificados	Acreditan UC	Non acreditan	Acreditan todas UC	Acreditan algunha/s UC	Non acreditan
Atención sociosanitaria a persoas no domicilio	3587	9858	3929	2881	2242	554	85	77,82 %	19,23 %	2,95 %
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	2864	7381	3262	2271	1575	627	69	69,35 %	27,61 %	3,04 %
Confección e mantemento de artes e aparellos	400	285	260	251	243	1	7	96,81 %	0,40 %	2,79 %
Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial	182	116	53	42	36	6	0	85,71 %	14,29 %	0,00 %
Operacións básicas de restaurante e bar	100	141	92	73	73	0	0	100,00 %	0,00 %	0,00 %
Cubertas inclinadas (UCs pizarra)	50	58	38	36	33	3	0	91,67 %	8,33 %	0,00 %
Servizos para o control de pragas	350	372	226	159	152	2	5	95,60 %	1,26 %	3,14 %
Socorrismo en instalacións acuáticas	800	2004	794	516	347	165	4	67,25 %	31,98 %	0,78 %
Socorrismo en espazos acuáticos naturais	700	1503	565	331	262	69	0	79,15 %	20,85 %	0,00 %
Información xuvenil	250	311	199	148	140	8	0	94,59 %	5,41 %	0,00 %
Soldadura	58	71	66	44	34	9	1	77,27 %	20,45 %	2,27 %
Xestión de servizos para o control de pragas	50	97	69							
Extinción de incendios e salvamento	100	752								
Transporte sanitario	200	96								
TOTAL	9691	23045	9553	6752	5137	1444	171	76,08 %	21,39 %	2,53 %

¹ Nota: Ás prazas que se ofertan en cada convocatoria hai que sumar as persoas que teñen algunha acreditación parcial de unidades de competencia, xa que entran directamente na convocatoria, co fin de que poidan completar o certificado de profesionalidade. Por iso o número de persoas presentadas pode ser superior ao número de prazas ofertadas.



GASES FLUORADOS

O Decreto 100/2011, do 19 de maio, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, distribúe as competencias en materia de expedición de certificados para a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles.

A Resolución do 15 de febreiro de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, publica os modelos de solicitude de certificacións persoais e de autorización de centros para a impartición dos programas formativos referidos á manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles.

Existen seis tipos de certificacións persoais:

Manipulación de equipos con sistemas frigoríficos de calquera carga

Manipulación de equipos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a 3 Kg. de gases

Manipulación de sistemas frigoríficos que empreguen refrixerantes fluorados destinados a confort térmico de persoas instalados en vehículos

Manipulación de equipos de protección contra incendios que empreguen gases fluorados como axente extintor

Manipulación de disolventes que conteñan gases fluorados e equipos que os empregan

Recuperación de hexafluoruro de xofre de equipos de comunicación de alta tensión

Toda a información sobre os certificados persoais e certificados de empresa recóllese en <http://traballo.xunta.es/portada-gases-fluorados>.

O número de certificacións persoais que foron expedidas por ano e tipo de certificado é o seguinte:

Certificacións persoais expedidas	2012	2013	2014	Ata xuño 2015
Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados	82	270	174	82
Manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga inferior a 3 Kg. de refrixerantes fluorados	4	10	21	4
Manipulación de equipamentos de transporte refrixerado de mercadorías que empreguen menos de 3 kg de refrixerantes fluorados	0	0	0	0
Manipulación de sistemas frigoríficos que empreguen refrixerantes fluorados destinados a confort térmico de persoas instalados en vehículos	120	348	272	120
Manipulación de equipamentos de protección contra incendios que empreguen gases fluorados como axente extintor	15	14	2	15
Manipulación de disolventes que conteñan gases fluorados e equipos que os empregan	0	0	0	0
Recuperación de hexafluoruro de xofre de equipos de conmutación de alta tensión	9	8	0	9



Resultados da 9ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave

O pasado maio a Consellería de Traballo e Benestar, segundo a Resolución do 26 de febreiro de 2015 da Dirección Xeral de Emprego e Formación, levou a cabo a 9ª convocatoria das probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación.

Estas probas diríxense ás persoas que non posúen os requisitos de formación básica (ESO para o nivel 2 ou

bacharelato para o nivel 3) requiridos para acceder aos cursos asociados aos novos certificados de profesionalidade.

Con esta nova convocatoria a Consellería de Traballo e Benestar reafirmase no seu propósito de fomentar a calidade da formación profesional para o emprego, pois melloran o perfil profesional das persoas, motivándoas para progresar no eido do emprego e na

formación, cun obxectivo último de acadar a inserción profesional no mercado laboral.

Para consultar máis información sobre este procedemento, prema [aquí](#).



Nas seguintes táboas reflíctense os resultados por niveis e competencias clave. Vese como as probas máis demandadas corresponden a Lingua galega, Lingua castelá e Matemáticas do nivel 2, amosando unha diferenza considerable con respecto ao número de persoas que optan ás probas de nivel 3. A porcentaxe de aptos sitúase nun 78,47% para o conxunto das probas de nivel 2 e nun 63,08% nas probas de nivel 3.

NIVEL 2	PRESENTADOS	APROBADOS	% APROBADOS
Inglés	806	309	38,34%
Castelán	1784	1620	90,81%
Galego	1593	1293	81,17%
Matemáticas	1854	1515	81,72%
TOTAIS	6037	4737	78,47%


NIVEL 3	PRESENTADOS	APROBADOS	% APROBADOS
Inglés	204	63	30,88%
Castelán	304	209	68,75%
Galego	283	253	89,40%
Matemáticas	306	167	54,58%
TOTAIS	1097	692	63,08%

ACTUALIZACIÓN PROFESIÓN REGULADAS (maio 2015)

Análise das profesións reguladas e as súas posibles vinculacións cos certificados de profesionalidade das distintas familias formativas.

Unha profesión regulada é aquela na que existe unha normativa que emana dunha Administración pública que establece algunha condición, relacionada coa cualificación, que é necesario cumprir para exercer unha actividade profesional, prestar un servizo, abrir un establecemento.

O obxectivo deste informe, de revisión permanente e que actualmente recolle un total de 139 profesións reguladas, é presentar un inventario, así como unha análise pormenorizada que lles sirva como información de consulta aos profesionais do emprego e formación que necesiten orientar sobre as formas de obter unha habilitación profesional.



unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

-Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia.

B) A formación mínima requirida para o exercicio da actividade de **socorrismo en espazos acuáticos naturais** pódese obter por calquera das seguintes vías:

-Certificado de profesionalidade de socorrismo en espazos acuáticos naturais (AFDP0209), establecido polo Real decreto 711/2011, do 20 de maio.

-Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo, establecido polo Real decreto 878/2011, do 24 de xuño; título de técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo, establecido polo Real decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en espazos acuáticos naturais do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

-Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en espazos acuáticos naturais, obtidas a través do procedemento que desenvolve o Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

OFERTA FORMATIVA DA FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

- AFDP0109 "Socorrismo en instalacións acuáticas".
- AFDP0209 "Socorrismo en espazos acuáticos naturais".

SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCAIS 2014

A realización de estudos e informes que parten da análise dos ámbitos territoriais buscan fundamentalmente obter unha análise máis focalizada, o que nos permite reflectir unha información máis concreta e próxima á realidade local.

Coa publicación deste traballo, o Instituto Galego das Cualificacións persegue acadar un dos seus obxectivos prioritarios: coñecer a situación e a evolución do mercado de traballo galego nos distintos ámbitos territoriais co fin de comprobar cales son as ocupacións máis representativas e proporcionarlles esa información aos profesionais do emprego, da formación e da orientación laboral (<http://traballo.xunta.es/publicacions-cualificacions>).

COMARCA DE VIGO

SAÍDAS PROFESIONAIS COMARCAIS

20 GRUPOS OCUPACIONAIS CON MELLORES PERSPECTIVAS LABORAIS

OCUPABILIDADE LABORAL MOI ALTA:


- Teleoperadores
- Montadores e ensambladores non clasificados noutras epígrafes¹¹⁵
- Profesores e profesionais do ensino non clasificados baixo outras epígrafes¹¹⁶
- Axudantes de coziña
- Monitores de actividades recreativas e de entretemento
- Pescadores de altura
- Chapistas e caldeireiros
- Soldadores e oxicatoradores
- Especialistas da administración pública¹¹⁷

OCUPABILIDADE LABORAL ALTA:

- Camareiros asalariados
- Empregados administrativos con tarefas de atención ao público non clasificados baixo outras epígrafes
- Outro persoal de limpeza¹¹⁸
- Traballadores dos cuidados ás persoas en servizos de saúde non clasificados baixo outras epígrafes¹¹⁹
- Traballadores das industrias do peixe

OCUPABILIDADE LABORAL MEDIA:

- Peóns das industrias manufactureiras
- Axentes e representantes comerciais
- Condutores asalariados de camiións
- Peóns da construción de edificios
- Caixeiros e vendedores de billetes (agás bancos)
- Empregados de servizos de correos (agás empregados de mostrador)



¹¹⁵ Ensambladores de produtos metálicos, de caucho ou plástico en cadea de montaxe.

¹¹⁶ Formadores de formación non regrada; formadores de formación ocupacional non regrada.

¹¹⁷ Inspectores de buques da mariña civil.


¹¹⁸ Limpadores-mantenedores de piscinas.

¹¹⁹ Cuidadores de centro sanitario e/ou padroleiros; cuidadores de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais.


Fichas do mercado laboral galego 2015

Por cuarto ano consecutivo, o Instituto Galego das Cualificacións publica as fichas técnicas do mercado laboral galego elaboradas polo Observatorio Ocupacional (<http://traballo.xunta.es/publicacions-cualificaciones>).

Con estas fichas preténdese reflectir de maneira gráfica a realidade propia da nosa comunidade autónoma tendo en conta os seus datos de poboación, contratación e paro rexistrado.



Ficha do mercado laboral galego



Fichas dos colectivos no mercado laboral galego



Fichas comarcais do mercado laboral galego



Fichas provinciais do mercado laboral galego






Inserción laboral da formación para o emprego (ano 2013)

Un dos principais obxectivos da política formativa da Consellería de Traballo e Benestar é mellorar a cualificación profesional e, a través dela, as oportunidades de colocación dos traballadores e das traballadoras desempregados/as.


A Consellería formou nos cursos AFD ao longo do ano 2013 a un total de **10.101 alumnos e alumnas, que acadaron un 52% de inserción laboral.**

O 62% deste alumnado conseguiu un traballo nos primeiros 6 meses e un 25% do total dos alumnos inseridos atoparon traballo relacionado co obxecto do curso.

Alumnos formados e inseridos (inserción bruta) por provincias



Inserción bruta de familias profesionais con respecto á media galega



O contido deste informe está á disposición do usuario no seguinte enderezo:

http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?content=/Traballo/Contidos/Publicacions/publicacion_0134.html



Boletín do Instituto Galego das Cualificacións

galicia



XUNTA
DE GALICIA